

Discípulos misioneiros nunha Igrexa en saída



Plan Diocesano de Pastoral
2022-2026

Diocese de Mondoñedo-Ferrol



Palabras do bispo

Tes nas túas mans o novo *Plan Pastoral Diocesano 2002-2026*. Foi elaborado polo Consello Diocesano de Pastoral despois de consultar a moitas persoas, despois de moitos encontros e debates ao respecto. É froito do traballo sinodal da vida relixiosa, os leigos e mailo ministerio ordenado desta Igrexa particular de Mondoñedo-Ferrol. Xurde como resposta ao proceso sinodal levado adiante durante o pasado curso 2021-22 no que máis de cen grupos de diferentes parroquias, UPA e distintas realidades eclesiais, se reuniron para debater, discernir, dialogar e escoitar a situación eclesial, relixiosa e social da nosa diocese. Froito desta escoita e deste exercicio sinodal é todo este plan.



Que é un Plan Pastoral Diocesano? Desde o meu punto de vista é unha folla de ruta na que se nos mostra a meta que queremos acadar e mailo camiño que nos propoñemos percorrer. É un mapa que nos indica vieiros, propostas, apostas e perigos. Pero é un traxe no que todos nos sentimos cómodos porque a nosa Igrexa é plural en sensibilidades, en carismas, en realidades e en ministerios. Por iso se trata de que todos rememos na mesma dirección, que cada un de nós aportemos corresponsablemente aquilo que poidamos, que todos camiñemos xuntos sentíndonos unha mesma familia. Por iso este plan ten diferentes partes:

Plan Pastoral Diocesano 2022-2026

- Comezamos cun camiño: trátase dunha análise do que temos traballado, do que durante os últimos anos nos tivo ocupados, dos proxectos e preocupacións que nos foron enchendo o corazón.

- De seguido, sinalamos xa tres actitudes que nos parece importante educar na nosa Igrexa: no só é importante o que facemos, senón tamén o xeito de facelo. As formas tamén evanxelizan e manifestan unha maneira de vivir a fe. Sinodalidade, discernimento e procesualidade son as tres actitudes que nos falan de escoita, acollida, participación, tempo, integración, revisión, opcións e sementeira. Invítovos a reflexionar sobre elas porque nos axudarán moito a medrar e a camiñar xuntos.

- A terceira parte son as prioridades: son as urxencias que non podemos esquecer no medio das tarefas ordinarias. Somos unha Igrexa fráxil e feble que debe concentrar forzas. É a isto ao que somos invitados dunha maneira especial, a adicar esforzos e recursos persoais e económicos. Nelas estamos a xogar o noso futuro.

- Por último, recóllense as catro liñas de acción desde as que camiñaremos nos vindeiros anos. Presentan catro aspectos fundamentais tamén de cara a ese futuro que temos discernido como imprescindible: o primeiro anuncio, o acompañamento, a formación e maila presenza misioneira.

Plan Pastoral Diocesano 2022-2026

Quixera agradecer a todos os que participaron neste proceso de elaboración. E quero convocar a todos, sacerdotes, vida consagrada e leigos, a traballar xuntos na posta en marcha deste proxecto. Teremos que ser capaces de concretalo en accións máis precisas que deriven nunha Igrexa máis sinodal, máis en saída, cunha maior presenza de mozos e familias, que se sentan comunidade e acollan misericordiosamente aos máis vulnerables para anunciar a ledicia do Evanxeo, que é Xesucristo. Contamos para todo iso coa axuda do Espírito que sopla e dá esperanza. A nosa forza é a oración, moi presente na vida contemplativa. Poñemos todo este traballo baixo o amparo da Nosa Señora dos Remedios e de san Rosendo.

O voso irmán e amigo,

+ Fernando, bispo de Mondoñedo-Ferrol

Discípulos misioneiros nunha Igrexa en saída

Plan Diocesano de Pastoral 2022-2026

«Sínodo» é unha palabra antiga e venerable na tradición da Igrexa. Indica o camiño polo que o pobo de Deus peregrina unido. O proceso sinodal é ante todo un proceso espiritual. A escoita sinodal está orientada ao discernimento persoal e comunitario. Todo discernimento implica reflexión e compromete tanto no corazón como na cabeza. «Sinodalidade» significa voltar ao máis profundo do noso ser Igrexa, derribando muros e castelos que só separan e dividen, para emprender un camiño de verdadeira participación, comunión e misión.

A Igrexa, como pobo de Deus, chea de gracia e de verdade, funde as súas raíces no acontecemento de Pentecoste, cando o Pai, polo Fillo, envía o Espírito da verdade e da vida á humanidade. Os apóstolos reciben a forza do Espírito Santo nun contexto de debilidade e de medo. Cando sentimos medo é porque nos centramos en nós mesmos, nos autorreferenciamos e nos asusta a realidade. Cando escoitamos ao Espírito descubrimos que «é posible unha Igrexa outra»¹, que temos que superar os nosos medos para construír e ser a Igrexa da confianza, a que se arrisca cada día na misión e no exercicio da misericordia.

Queremos ser unha Igrexa sinodal ao servizo dunha humanidade soñada por Deus como fraternidade universal.

¹ Cf. Y Congar, *Verdadera y falsa reforma en la Iglesia*, Salamanca, 2014. Citado polo papa Francisco no discurso de apertura do Sínodo. Cf. tamén SC 21.

Queremos ser unha Igrexa en saída (EG 20, 24 e 46) que coida a casa común, na que habitan todas as criaturas, que son signo do amor de Deus que se expresa a raudais nas diversas formas de vida. Como Igrexa diocesana temos escoitado ao Espírito que nos di que temos que deixar que medre en nós cada día a esixencia da sinodalidade. Temos elaborado este *Plan Pastoral Diocesano 2022-2026* a partires da experiencia sinodal que vimos de comezar, do camiño que temos percorrido xuntos e do tramo que inda nos queda por percorrer. Isto é o que o Espírito lle di á Igrexa de Mondoñedo-Ferrol.

Obxectivo xeral

Animar procesos que nos comprometan máis e fagan de nós unha Igrexa máis sinodal.

[Referencias doutrinais: FRANCISCO, Exhortación apostólica *Evangelii gaudium*, sobre o anuncio do Evanxeo no mundo actual [24.11.2013]; FRANCISCO, Carta encíclica *Laudato si'* sobre o cuidado da casa común [24.05.2015]; FRANCISCO, Exhortación apostólica postsinodal *Amoris laetitia*, sobre o amor na familia [19.03.2016]; FRANCISCO, Exhortación apostólica *Gaudete et exsultate*, sobre a chamada á santidad no mundo actual [19.03.2018]; FRANCISCO, Exhortación apostólica postsinodal *Christus vivit*, aos xóvenes e a todo o pobo de Deus [25.03.2019]; FRANCISCO, Carta encíclica *Fratelli tutti* sobre a fraternidade e a amizade social [03.10.2020].]

Documentos síntese do Sínodo [diocesano e nacional].

Discípulos misioneiros nunha Igrexa en saída

Plan Pastoral Diocesano 2022-2026

Obxectivo xeral

Animar procesos que nos comprometan máis e fagan de nós unha Igrexa máis sinodal

1. O camiño

É importante saber de onde vimos e a onde imos. Só se somos capaces de entender isto seremos capaces de descubrir o camiño. Neste senso debemos lembrar o gran acontecemento eclesial do ano 2020, o Congreso de Leigos «Pobo de Deus en saída», que se celebrou do 14 ao 16 de febreiro no Pavillón de Cristal da Casa de Campo de Madrid, e no que participaron máis de dúas mil persoas de parroquias, movementos, asociacións e congregacións relixiosas de todas as dioceses españolas. O obxectivo esencial do Congreso era dinamizar ao laicado partindo do protagonismo e participación dos mesmos leigos. Sabemos que o Congreso non tiña intención de ser só un momento puntual, senón máis ben o comezo dun proceso que tería que durar varios anos.

A nivel diocesano publicouse o *Plan Diocesano de Unidades Pastorais*, elaborado en continuidade co traballo realizado na nosa diocese durante os últimos anos no marco da longa e rica historia desta Igrexa particular de Mondoñedo-Ferrol. O noso *Plan Diocesano de Unidades Pastorais* é unha ocasión belida e axeitada para facer efectiva e real a conversión persoal, pastoral e misioneira (EG 15, 25 e 27). Esixe, por parte

de todos, un cambio, unha superación de receos, dificultades e críticas destructivas, un esforzo por construír o novo, iluminados pola experiencia dos primeiros cristiáns e alentados polo Maxisterio da Igrexa, especialmente do papa Francisco na *Evangelii gaudium*. Será moi decisivo, desde esta perspectiva, darlles aos leigos o protagonismo que lles corresponde, ter en conta o número de sacerdotes, pensar a estrutura das novas comunidades cristiás e, sobre todo, camiñar cara á unidade de criterios.

Ese mesmo ano, a nosa Igrexa de Mondoñedo-Ferrol elaborou un *Plan Pastoral Diocesano 2020-2021* co obxectivo de descubrir a nosa conciencia misioneira. Daquela fomos capaces de marcarnos uns obxectivos concretos e de escoller unhas liñas de acción e uns criterios de como levar todo a bo fin. Se lembramos ben, foi a pandemia do covid-19 a que condicionou a nosa vida diaria e mailo noso camiñar xuntos a partires dese momento. Estivemos confinados moito tempo e non poidemos asumir moitos dos nosos compromisos tal como tiñamos planificado. Todo isto tivo como consecuencia, xunto co forte proceso de secularización que estamos a vivir no noso contexto social e eclesial nas derradeiras décadas (EG 63-65), que as nosas comunidades cristiás se fosen debilitando moito máis do que era de esperar. Neste senso, alguén sinalou que vivimos en dous anos o que teríamos que vivir en dez.

Inda así, non perdemos a esperanza, porque a esperanza dos cristiáns ten un nome: Cristo é a nosa esperanza (FT 55). E nós, sen esperanza, non podemos vivir, precisamente porque non podemos vivir sen Cristo. E é xusto neste contexto que vimos de comezar o Sínodo sobre a sinodalidade, para descubrir que a Igrexa é comunión, participación e misión, traballando durante todo o curso pasado organizados en máis de cen grupos sinodais espallados por toda a xeografía diocesana. Un dos grandes momentos deste proceso, que nós entendemos como un

acontecemento do Espírito, mesmo un «kairós», foi a Asemblea Sinodal Diocesana, que se reuniu na catedral e estivo presidida polo noso bispo, a quen se lle entregou unha síntese de todo o camiño percorrido e de todo o que o Espírito lle foi dicindo á nosa Igrexa.

Estamos, polo tanto, neste momento do proceso sinodal no que sentimos a necesidade de camiñar xuntos e de ser «sínodo». Isto significa estar máis atentos para escoitar, ter máis tempo para a oración, ser capaces de discernir en común, ter a experiencia dunha auténtica conversión e vivir a nosa fe desde a dispoñibilidade. Sabemos que as nosas comunidades son agora máis pequenas e febles e aínda han selo máis, pero xustamente por eso, debemos esforzarnos en facelas máis significativas, sen perder nunca a súa dimensión vocacional, é dicir, sentíndonos todos discípulos misioneiros (EG 120), chamados e enviados polo Señor desde a vocación específica de cadaquén.

2. As actitudes

Cando falamos das actitudes que queremos promover neste *Plan Pastoral Diocesano 2022-2026* estamos a referirnos sobre todo ao estilo de traballo que queremos impulsar. Trátase de provocar en cada persoa e en cada comunidade unha verdadeira experiencia de conversión, desde as realidades persoais, eclesiais e pastorais (EG 15 e 25). Polo que vimos de dicir antes e polo que virá despois, as tres actitudes esenciais que nos marcamos para o noso estilo de ser Igrexa, serían estas:

2.1. Sinodalidade. Cando falamos de «sinodalidade» estamos a usar un neoloxismo que expresa a identidade da Igrexa como Pobo de Deus en camiño, en peregrinación cara ao Reino de Deus, guiados polo

Espírito Santo que todos temos recibido no noso bautismo, subliñando desde xeito a dignidade común de tódolos cristiáns, homes e mulleres, e afirmando ademáis a súa corresponsabilidade na misión evanxelizadora da Igrexa. O que dicimos é que todos contamos e que a todos se nos debe escoitar, tamén aos alonxados da práctica relixiosa, pois todos debemos participar. Pensamos que para vivir desde esta clave da sinodalidade convén subliñar a importancia da creatividade, da formación, do acompañamento personal e grupal e do traballo en rede e, sobre todo, atender especialmente ao que ten que ver coa acollida, a escoita e o diálogo. En última instancia trátase de apostar por un estilo de Igrexa alongado do clericalismo, polo estilo de Igrexa que queremos construír, conforme ao modelo que nos propón o papa Francisco. E, por iso, a segunda actitude: o discernimento.

Algunhas accións que promoven a sinodalidade:

- Organizar asembleas parroquiais e arciprestais anuais para convivir e compartir, día da parroquia, da UPA, do arciprestado.
- Celebración das xornadas especiais a nivel diocesano e nacional.
- Visibilizar na liturxia a ministerialidade da Igrexa (lectores, cantores, monagos).
- Crear consellos pastorais e económicos nas parroquias, UPA e arciprestados.
- Transparencia na xestión económica, presentando as contas e mailos balances anuais.
- Crear comunidades tamén a través das redes sociais e das novas tecnoloxías.

- Implicar aos leigos nos diferentes consellos e grupos parroquiais.
- Facer que a vida parroquial e diocesana se coñeza nas diversas comunidades, informando, convocando e invitando á participación.
- Integrar nas delegacións diocesanas equipos formados por leigos, sacerdotes e vida consagrada.
- Encontros de parroquias e UPA coa vida consagrada presente no territorio.

2.2. Discernimento. Trátase dunha actitude esencialmente ignaciana, segundo o esquema dos exercicios espirituais, que o papa Francisco coñece moi ben, pois el é, verdadeiramente, un mestre na arte de discernir (GeE 166-175). Para discernir ben, di o Papa, hai que saír de si, expoñerse e involucrarse na loita espiritual. É necesario saír das propias ideas e chegar ata as periferias, onde a carne ferida de Cristo nos conmove a entranas. Isto faranos medrar, ademais de axudarnos a descubrir os camiños polos que podemos avanzar. É moi importante descubrir a dimensión comunitaria do discernimento, é dicir, o discernimento como tarefa eclesial. É xusto nese momento onde poden darse as mocións afectivas reais nas que se pode discernir o que o Espírito lle di á Igrexa. Toda esta experiencia de discernimento axudaranos a descubrir as diversas ausencias ou presencias de Deus na nosa vida.

Algunhas accións que promoven o discernimento:

- Elaborar programacións pastorais anuais a nivel de parroquia, UPA ou arciprestado.

- Organizar xornadas e encontros sobre cuestións sociais que teñan repercusión pública.
- Colaborar con asociacións e entidades presentes no territorio.
- Revisar a vida das nosas comunidades para descubrir o que falta ou sobra.
- Utilizar o sistema DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) para o discernimento comunitario.
- Ofrecer grupos de formación de adultos que axuden que promovan o discernimento persoal e comunitario.
- Ofrecer espazos de oración e adoración, retiros e exercicios espirituais.

2.3. Procesualidade. O papa Francisco lémbra-nos moitas veces que «o tempo é superior ao espazo» (EG 222). Este principio permítenos traballar a longo prazo, sen obsesionarnos polos resultados inmediatos, desde a certeza de que é Deus quen vai levando a historia. Neste senso, a prioridade do tempo plásmase no feito de «iniciar procesos» confiando en que o tempo ilumine e transforme os «elos dunha cadea en constante crecemento, sen camiños de retorno». O mesmo Papa ten trasladado este principio ao eido social e teno aplicado tamén á evanxelización «que esixe ter presente o horizonte, asumir os procesos posibles e mailo camiño longo», ademáis de recalcar a importancia da acción do Espírito Santo. Convén ter en conta aquí que todos somos diferentes e, polo tanto, que cada proceso debe ser personalizado, sen anular nunca a individualidade de cadaquén. Sabemos que para vivir esta procesualidade fai falla ese amor misericordioso ao estilo dunha nai que segue e acompaña garimosamente o camiño da vida de

cada un dos seus fillos «atándoos con cordas de tenrura» (Os. 11,4).

Algunhas accións que promoven a procesualidade:

- Organizar encontros previos á celebración de calquera sacramento, buscando a participación dos adultos.
- Artellar en cada parroquia, UPA ou arciprestado, un equipo misioneiro formado por leigos, sacerdotes e vida consagrada.
- Coidar moito o encontro persoal e mailo acompañamento, con atención especial ás familias.
- Ofrecer formación e acompañamento para situacións de especial dificultade (crise familiar, enfermidade, dolo).
- Coidar a iniciación cristiá de todos os que interveñen no proceso.
- Continuar cos grupos sinodais.

3. As prioridades

No proceso sinodal fóronse detectando diferentes urxencias propias da nosa diocese que, por outra banda, compartimos con outras moitas Igrexas particulares. Sen embargo, son urxencias máis acentuadas no noso contexto e que temos que priorizar no noso quefacer pastoral. Cando falamos de prioridades estamos recoñecendo que non somos capaces de afrontar todos os retos que se nos presentan e, por iso, porque «a ceifa é moita e os obreiros poucos» (Mt. 9,37), trátase de ver cales son as tarefas máis urxentes, aquilo que xa non pode esperar. Neste senso, e tendo en conta tanto as persoas coma os recursos cos que contamos, parécenos que convén sinalar estas prioridades:

3.1. Crear comunidades vivas e significativas

A dispersión xeográfica que caracteriza o mapa da nosa Igrexa diocesana, a nova situación postcovid e mailo forte proceso de secularización que estamos a sufrir, fan que teñamos que traballar cada vez máis por crear comunidade. E é que debemos esforzarnos en eliminar da nosa acción evanxelizadora e do noso estilo de vida cristián o individualismo, a autorreferencialidade, o afán de protagonismo e maila autosuficiencia (EG 33). A comunión, a fraternidade e maila sinodalidade teñen que ser as notas das nosas comunidades para que estas sexan vivas e significativas. «Vivas» quere dicir que teñan vida propia e que xeren procesos de vida; «significativas» quere dicir que sexan referentes no medio ducha sociedade secularizada. Temos que aprender a valorar os diversos carismas e entender a diversidade como unha riqueza. O feito de que sexamos menos debe axudarnos a ser máis significativos.

Estamos convencidos de que un non pode ser cristián el só, ten que selo cos demais cristiáns. Necesitamos aos demais para sermos auténticos discípulos misioneiros de Xesús. El quere que vivamos a fraternidade, que sexamos comunidade, que vivamos o noso ser Igrexa. Por iso, Deus quere que vivamos o misterio da comunión, especialmente neste tempo no que a fragilidade das nosas comunidades é máis grande. Estamos firmemente convencidos de que é a comunidade quen evanxeliza porque é a súa vocación e a súa misión (EG 19). O anuncio do Evanxeo non é cuestión de francotiradores. O proceso das UPA busca rematar estes obxectivos.

Algunhas propostas para acadalo:

- Coidar a formación integral de todos os axentes de pastoral.
- Avanzar e profundizar na iniciación cristiá.
- Dar maior visibilidade á dimensión misericordiosa da Igrexa que levan adiante Cáritas e outras institucións diocesanas.
- Traballar o senso de pertenza á comunidade eclesial: identificarse con ela, asumir protagonismo e pequenas responsabilidades.
- Facerse presentes na vida pública do territorio e nas súas organizacións.
- Abrirse ás accións que se están a realizar na UPA, no arceprelado e na diocese.
- Crear un equipo misioneiro, formado por leigos, sacerdotes e vida consagrada, que coiden a acollida e mailo acompañamento.

3.2.Coidar a experiencia de fe a nivel persoal e comunitario

Aquí é moi importante a centralidade do encontro persoal co Señor e maila vivencia dos sacramentos na nosa vida de fe; por iso é importante crear espazos de oración e encontro con Cristo, con particular coidado e atención ás celebracións da eucaristía e dos demais sacramentos, coma chanzos no camiño de santidad de cada cristián.

Estamos firmemente persuadidos de que o comezo da vida cristiá xorde cando se dá un encontro persoal con Cristo e, por iso, debemos animalo, alentalo e provocalo, buscando espazos, tempos e instrumentos que o favorezan (EG 3).

Algunhas propostas para acadalo:

- Fomentar lugares e espazos de encontro e diálogo desde a chave da fe.
- Formarnos na experiencia de oración, cuidando espazos, encontros e grupos, xa desde nenos.
- Formar para o acompañamento, de xeito que se favorezca o proceso de discernimento.
- Crear grupos de animación litúrxica para coidar a celebración dos sacramentos como auténticos encontros de fe.

3.3. Atender especialmente á xuventude, matrimonios e familias

Trátase aquí de favorecer procesos que, desde a escoita e con unha linguaxe axeitada, dean respostas aos problemas reais que vive e sente a mocidade (ChV 203-204), de xeito que se promova a confianza recíproca e mailo diálogo, para axudar deste xeito á súa formación, crecemento e dimensión espiritual. No tocante á familia, debemos reforzar a formación prematrimonial e mailo acompañamento ás parellas recién casadas (AL 217-222; ChV 213).

E é que no proceso sinodal que estamos a vivir insístese, de forma prácticamente unánime, na prioridade que debemos dar á mocidade e á familia (AL 200-204; ChV 206-207), pois é xustamente nestas pastorais sectoriais onde se pon en xogo o futuro das nosas comunidades. Por iso temos que adicar máis tempo, máis recursos, máis imaxinación e máis iniciativas a esta tarefa (ChV 209). É moi importante que se leve adiante esta tarefa en coordinación cos colexios relixiosos e maila diocese.

Algunhas propostas para acadalo:

- Acompañar procesos de formación con adolescentes a través dunha planificación arciprestal.
- Coidar a educación afectivo-sexual dos nosos rapaces.
- Presentar a beleza da vida matrimonial desde xóvenes.
- Presentar e coidar a dimensión vocacional de toda a vida cristiá.
- Implantar o itinerario catecumenal para a vida matrimonial.

3.4.Acompañar a persoas ou situacións de especial fragilidade

A grandeza da Igrexa está xustamente en manifestar a misericordia divina. O testemuño de amor que estamos chamados a dar é o mellor camiño para evanxelizarse. En relación coas persoas en situación de vulnerabilidade, debemos potenciar procesos que nos leven a un cambio de mentalidade a nivel familiar, eclesial e social, para sensibilizarnos coas situacións concretas de especial fragilidade, risco de exclusión ou discriminación, para poder acompañalos e integralos na vida comunitaria (EG 48).

As nosas comunidades cristiás deben estar preto destas persoas ofrecendo sempre acollida e misericordia (EG 187). A Igrexa debe ser un hospital de campaña que faga xurdir a esperanza e amose o amor entrañable dun Deus Pai cara aos seus fillos máis febles (EG 197-198). Neste senso, promover a participación dos migrantes, crear e enfortecer os equipos de Cáritas nas parroquias, UPA e arciprestados, será unha axuda inestimable.

Algunhas propostas para acadalo:

- Traballar con outras entidades de fóra da Igrexa para a integración de todas as persoas (discapacidade, exclusión, migración, minorías étnicas).
- Dar protagonismo nas nosas parroquias ás persoas vulnerables (participación en grupos, actividades, festas, encontros) e coidar os lugares de acollida de xeito que sintan a Igrexa como o seu fogar.
- Formación en DSI e acompañamento.
- Promover o voluntariado.

4. As liñas de acción

Este *Plan Pastoral Diocesano 2020-2026* quere asumir como grandes liñas de acción aqueles catro itinerarios que xa se propuxeran no Congreso de Leigos «Pobo de Deus en saída», celebrado no ano 2020:

4.1. Primeiro anuncio. Aquí estamos a falar da manifestación explícita da fe a quen non coñece a Cristo (EG 164). No contexto de secularización e pluralismo que estamos a vivir, caracterizado polo descoñecemento e maila indiferencia en relación coa persoa de Xesús, coidamos que a proposta cristiá segue a ser hoxe imprescindible para a liberación das persoas e para a humanización da sociedade.

Obxectivos:

- Promover novas iniciativas do primeiro anuncio.
- Despertar nos evanxelizadores a necesidade do primeiro anuncio.

- Crear equipos e espazos de acollida na diocese e nas parroquias.
- Comenzar procesos de evanxelización con mozos, noivos, matrimonios e familias.
- Coidar a relixiosidade popular e clave de primeiro anuncio.

Cada delegación diocesana, arciprestado, UPA ou parroquia, deberá artellar accións concretas de xeito que se poidan acadar estes obxectivos.

4.2. Acompañamento. Cando falamos de acompañamento estamos subliñando a dimensión comunitaria e eclesial da nosa fe (EG 169-173). Neste senso, todos somos acompañantes e todos somos acompañados e, posto que acompañar é coidar ao outro, todos debemos poñer especial interese e delicadeza. Sabemos que o acompañamento pode exercerse en todas as situacións e circunstancias vitais, e pode ser de carácter persoal ou grupal, esixindo sempre unha gran capacidade de acollida, integración e discernimento, que debe axudarnos a vivir con máis autenticidade a experiencia do seguimento de Cristo.

Acompañamento:

- Promover a cultura do acompañamento.
- Potenciar o carisma e maila formación do acompañante.
- Ofrecer procesos de acompañamento concreto aos mozos e ás familias, especialmente nas súas primeiras etapas.

- Promover unha pastoral da acollida e do coidado, especialmente cos máis vulnerables, que viven situacións moi complexas.
- Crear espazos de encontro, discernimento e acompañamento en clave vocacional.
- Animar e acompañar os procesos de creación e consolidación das UPA (consellos, equipos misioneiros).

Cada delegación diocesana, arciprestado, UPA ou parroquia, deberá artellar accións concretas de xeito que se poidan acadar estes obxectivos.

4.3. Procesos formativos. Sabemos que todos debemos sentirnos chamados a medrar como evanxelizadores e, por iso, necesitamos profundizar máis na persoa de Xesús e no seu Evanxeo. En último termo, trátase de capacitarnos mellor para a misión, para levar adiante o encargo de anunciar o Evanxeo a todos. A formación debemos entendela como un proceso continuo, integral e permanente, de xeito que sexa sistemática e integradora, axude a medrar interiormente e a encontrarse con Xesucristo (EG 222-225). Nestes procesos formativos debe ocupar un lugar preeminente a Doutrina Social da Igrexa.

Obxectivos:

- Ofrecer procesos formativos especialmente dirixidos aos adultos.
- Repensar o actual proceso da iniciación cristiá en orde á unificación de criterios e a descubrir novos camiños.

- Xerar proxectos de liderazgo e de formación de acompañantes.
- Potenciar a formación cristiá básica (Biblia, espiritualidade, liturxia) para suscitar a experiencia de fe.
- Promover a presenza de movementos laicais na nosa diocese.
- Fomentar o diaconado permanente e mailos ministerios laicais.

Cada delegación diocesana, arciprestado, UPA ou parroquia, deberá artellar accións concretas de xeito que se poidan acadar estes obxectivos.

4.4. Presenza misioneira. Trátase aquí da presenza dos cristiáns na vida pública e trátase tamén de que cada comunidade cristiá sexa unha verdadeira Igrexa en saída, que existe para evanxelizarse e que ten na cultura do encontro e do diálogo a chave esencial para achegarse á realidade social na que se enxerta (EG 120). Sabemos que as nosas comunidades cristiás deben saír ao encontro do outro para coñecerlo mellor e descubrir a súa realidade. Neste senso, o papa Francisco fala a miúdo de ser «Igrexa en saída» (EG 20 e 24). Ademais, desde o Evanxeo, descubrimos sempre a esixencia de estar especialmente á beira dos máis febles e empobrecidos.

Obxectivos

- Visibilizar mellor a dimensión social do Evanxeo coa formación en Doutrina Social da Igrexa.
- Impulsar a presenza pública do laicado.

Plan Pastoral Diocesano 2022-2026

- Coidar especialmente aquelas xornadas eclesiais con marcado contido social.
- Estar atentos á realidade para descubrir necesidades, denunciar inxustizas e responder desde a fe.

Cada delegación diocesana, arciprestado, UPA ou parroquia, deberá artellar accións concretas de xeito que se poidan acadar estes obxectivos.



Revisión do Plan Pastoral Diocesano

Todo plan necesita ser revisado. Calquera plan debe axudarnos a medrar e temos que visibilizar, dalgún xeito, lugares ou aspectos nos que fomos medrando ou metas que temos acadado. Por iso propoñemos que na metade do camiño e tamén ao final:

- Cada delegación diocesana, arciprestado ou UPA, faga unha memoria descriptiva do acadado ou realizado segundo este Plan Pastoral Diocesano.
- Compartir as experiencias positivas que se promoven desde este Plan Pastoral Diocesano co obxectivo de axudarnos a superar calquer illamento.
- Elaborar un listado de indicadores claros e precisos que, tendo en conta este Plan Pastoral Diocesano, nos axuden a percibir con claridade se temos avanzado ou non nas metas propostas.





Diocese de Mondoñedo-Ferrol



Plan Pastoral Diocesano 2022-2026

Discípulos misioneros en una Iglesia en salida



Plan Diocesano de Pastoral
2022-2026

Diócesis de Mondoñedo-Ferrol

Palabras del obispo

Tienes en tus manos el nuevo Plan Pastoral Diocesano 2022-2026. Fue elaborado por el Consejo Diocesano de Pastoral después de consultar a muchas personas, después de muchos encuentros y debates al respeto. Es fruto del trabajo sinodal de la vida religiosa, los laicos y el ministerio ordenado de esta Iglesia particular de Mondoñedo-Ferrol. Surge como respuesta al proceso sinodal llevado adelante durante el pasado curso 2021-22, en el que más de cien grupos de diferentes parroquias, UPA y distintas realidades eclesiales, se reunieron para debatir, discernir, dialogar y escuchar la situación eclesial, religiosa y social de nuestra diócesis. Fruto de esta escucha y de este ejercicio sinodal es todo este plan.



¿Qué es un Plan Pastoral Diocesano? Desde mi punto de vista es una hoja de ruta en la que se nos muestra la meta que queremos alcanzar y el camino que nos proponemos recorrer. Es un mapa que nos indica caminos, propuestas, apuestas y peligros. Pero es un traje en el que todos nos sentimos cómodos porque nuestra Iglesia es plural en sensibilidades, en carismas, en realidades y en ministerios. Por eso se trata de que todos rememos en la misma dirección, que cada uno de nosotros aportemos corresponsablemente aquello que podamos, que todos caminemos juntos sintiéndonos una misma familia. Por eso este plan tiene diferentes partes:

Plan Pastoral Diocesano 2022-2026

- Comenzamos con un camino: se trata de un análisis de lo que hemos trabajado, de lo que durante los últimos años nos mantuvo ocupados, de los proyectos y preocupaciones que nos fueron llenando el corazón.
- A continuación señalamos ya tres actitudes que nos parece importante educar en nuestra Iglesia: no sólo es importante lo que hacemos, sino también la manera de hacerlo. Las formas también evangelizan y manifiestan una manera de vivir la fe. Sinodalidad, discernimiento y procesualidad son las tres actitudes que nos hablan de escucha, acogida, participación, tiempo, integración, revisión, opciones y sementera. Os invito a reflexionar sobre ellas porque nos ayudarán mucho a crecer y caminar juntos.
- La tercera parte son las prioridades: son las urgencias que no podemos olvidar en medio de las tareas comunes. Somos una Iglesia frágil y endeble que debe concentrar fuerzas. Es a esto a lo que somos invitados de una manera especial, a dedicar esfuerzos y recursos personales y económicos. En ellas nos estamos jugando nuestro futuro.
